



Concello de Cangas

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 22 DE AGOSTO DE 2016

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 22 de agosto de 2016

HORA DE COMEZO: 20:35 h.

HORA DE REMATE: 20:50 h.

ASISTENTES: D. Xosé Manuel Pazos Varela (alcalde-presidente), D. Mariano Abalo Costa, D. Xoán Carlos Chillón Iglesias, D^a Ángela Vizoso Marcos e D. Tomás Hermelo Álvarez.

AUSENTES: D. Andrés García Bastón, D^a Mercedes Giráldez Santos e D. Heitor Mera Herbelo.

SUPLENTE: D^a Lourdes Rial Pardo e D^a Eva Rodríguez Calvar.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria Acctal., D^a María Rodríguez Gómez e o interventor, D. Sergio Curra Moreira, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 1 E 8 DE AGOSTO DE 2016

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 1 e 8 de agosto de 2016.

OBRAS E SERVIZOS

2º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN

2.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización



Concello de Cangas

para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, aos seguintes solicitantes:

NOME	LUGAR INSTALACIÓN
S.D.P.	Baixada á Praia de Menguíña, nº 32-Aldán. No informe emitido o día 22.07.2016 pola Policía Local, indícase que a competencia sancionadora nesta vía corresponde á Garda Civil. <u>O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.</u>

URBANISMO E PATRIMONIO

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 18 DE AGOSTO DE 2016, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

3.A) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.360.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR E.T.S.

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 12 de agosto de 2016, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a E.T.S., para vivenda sita en rúa Eduardo Vicenti, nº 10-11-Cangas, construída ao abeiro da licenza municipal nº 24.262.

3.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias



Concello de Cangas

concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 145.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 26.002.- A M.A.M., con enderezo a efectos de notificacións en Estrada Bueu, nº 67-Vilariño-Cangas, para en Estrada Bueu, nº67 - Vilariño en Cangas, realizar obras de reforma de cuberta de vivenda existente, de conformidade co proxecto básico e de execución do arquitecto D.V.F, de xuño de 2016.

Acéptaselle a cesión gratuíta de terreo para o vieiro efectuada con data 22 de xullo de 2016.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

OBRAS

EXPEDIENTE Nº 25.728.- Declárase a ineficacia da comunicación previa presentada por M.P.L. para obras de revestimento de fachadas en vivenda unifamiliar no lugar Baixada a Arneles, nº 54 - O Hío, ao non presentar a documentación requirida (antecedentes edificación).

EXPEDIENTE Nº 25.829.- A M.E.C.C., acéptaselle o desestimento de solitude de obra formulada para conservación e reparación puntual do interior e exterior



Concello de Cangas

dunha vivenda sita na Baixada de Arneles, nº 14 - O Hío, peticiónada mediante escrito de data 2 de xuño de 2016.

EXPEDIENTE Nº 25.967.- A A.B.M., para obras menores en garaxe en Ourelo, nº 29 - A Madalena-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 26.026.- A M.L.P.O., para reforma e conservación de vivenda en rúa das Laxes, nº 13 - Donón-O Hío.

ACTIVIDADES

EXPEDIENTE Nº 1.956/16.- "MANTENIMIENTOS Y REFORMAS LA TORRE SL", oficina en Rúa San Xosé, nº 38 - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.972/16.- A.S.G., mercería e venda de tecidos en rúa Antonio Nores, nº 1 - baixo - Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.973/16.- "GRUPO INMOBILIARIO CASA ROJA, SL", cambio titularidade axencia inmobiliaria en rúa Nova, nº 4 - baixo -Cangas.

EXPEDIENTE Nº 1.976/16.- M.P.P.C., cambio titularidade de bazar multiprezos na Avda. Eugenio Sequeiros, nº 5 - Cangas.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 29/2015-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 16.08.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 29/2015-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 29/2015

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de febreiro do 2016, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de M.P.G. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Estrada de Aldán-Balea, obras consistentes en realizar un galpón de superficie aproximada 40 m2., sendo a construción de carácter ilegalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, con data 21 de



Concello de Cangas

xuño do 2016, M.P.G formula alegacións ao expediente sancionador dentro do prazo conferido para o efecto nas que:

- Solicita acollerse á redución da contía da sanción dun 50%, polo que renuncia expresamente ao exercicio de toda impugnación.

Visto o informe da inspección municipal de data 4 de maio do 2016, no que se indica que a construción obxecto do presente expediente de RLU, foi demolida, procede acceder ao solicitado.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que M.P.G, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía de seis mil un euros (6001,00 €). Indicar ao interesado que por legalizar as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do Rd 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia silanado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a M.P.G., na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de seiscentos euros con dez céntimos (600,10 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Estrada de Aldán-Balea, consistentes en realizar un galpón de superficie aproximada 40 m2.*

Advírtese ao interesado que as sancións impostas ao abeiro da Lei 2/2016 reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de periodo voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de



Concello de Cangas

impugnación no referido prazo. A posterior acción de impugnación implicará a perda da referida redución”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 29/2015-S.

5.B) PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 8/2013-S

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 19.08.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 8/2013-S, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE Nº 8/2013-S

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Nerga - O Hío, consistentes en: instalación de portal metálico de 1x1,60 metros e cerramento do mesmo material sobre canle de augas de 1,10 m. e 1,60 metros pechando unha servidume.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 10 de decembro de 2015 a de considerar as instalacións mencionadas como ilegalizables por seren incompatibles coas determinacións urbanísticas de Planeamento do Concello de Cangas, ordenanza de aplicación título V das Normas Urbanísticas II e SNU-PF (instalación de portal incompatible co disposto no epígrafe b) do ámbito de aplicación da ordenanza PF, solo non urbanizable de protección de ribeiras e canles fluviais.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados M.C.P.P., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden seren constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia pode tipificarse en principio como grave segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 101.l.b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período



Concello de Cangas

voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16; no Regulamento de disciplina, así como na Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e no Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora aprobado por Rd 1398/93, de 4 de agosto, e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163. c) da Lei 2/16, o artigo 10 do Rd 1398/93 e o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora de bases de Réxime local.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Iniciar procedemento sancionador por infracción urbanística polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear instrutor e secretario do expediente a Mariano Abalo Costa e á secretaria do concello Berta Alonso Soto, respectivamente, que poderán absterse de intervir no procedemento, ou seren recusados polos interesados polas causas e na forma que determinan os artigos 28 e 29 da Lei 30/92.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador, é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, de acordo co establecido no artigo 163 da Lei 2/16, 10 do Rd 1398/93 e artigo 21.1.k) da Lei 7/85 e Decreto de Delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar aos interesados o dereito que lles concede o artigo 8 do Rd 1398/93, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que de efectuar por si mesmo a demolición acordada antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.

QUINTO.- Indicar aos interesados o dereito que teñen a formular alegacións e achegar os documentos que estimen pertinentes, antes do trámite de audiencia, así como a coñecer en todo momento o estado de trámite do procedemento.

SEXTO.- Conceder aos interesados un prazo de quince días a contar desde o seguinte ao da notificación da presente resolución, para que achegue cantas



Concello de Cangas

alegacións, documentos e informacións que estime convenientes e, no seu caso, propoñan probas concretando os medios de que pretende valerse.

SÉTIMO.- Comunicar o acordo ao instrutor e secretario con traslado das actuacións que existan ao respecto, debendo notificar aos interesados, advertindo a estes últimos de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como PROPOSTA DE RESOLUCIÓN, cos efectos previstos nos artigos 18 e 19 do Rd 1398/93.

OITAVO.- Advertir aos interesados que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

NOVENO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra a esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interponer o que estime mais conveniente”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 8/2013-S.

5.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 17/2015-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 4.08.2016, referente ao expediente de infracción urbanística nº 17/2015-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACIÓN URBANÍSTICA Nº 17/2015-S

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 1 de febreiro de 2016, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de C.S.I. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Espiñeira-Aldán, obras sen axustarse á licenza nº 17.460, consistentes en realizar un cerramento da fronte dunha parcela sen axustarse ao recuado que obriga a licenza nº 17460 concedida para vivenda. O cerramento foi realizado por dentro dun espazo de 273,00 m2., cedido ao Concello, segundo o plano de deslinde de outubro do 1998 visado o 25 de xaneiro de 1999.



Concello de Cangas

SEGUNDO.-Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 1 de febreiro de 2016, dentro do prazo outorgado para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, con data 11 e 31 de marzo (registro de entrada deste último escrito o 6 de abril do 2016 no Concello) C.S.I., formula alegacións ao expediente sancionador desestimadas na proposta do instrutor do expediente de data 1 de xuño de 2016.

TERCEIRO.- En data 1 de xullo de 2016 (registro de entrada nº 8.543), a interesada formula alegacións no prazo conferido ao efecto solicitando o arquivo do expediente, indicar que a vivenda e o cerramento contan con licenza de primeira ocupación. En data 15 de xullo, registro de entrada nº 9.387, a interesada alega novamente que o cerramento leva rematado máis de 6 anos e que a situación deste ven motivada pola tira de cordas realizada polo Concello.

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 159.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia as infraccións graves prescriben aos seis anos desde a súa comisión.

SETIMO.- Que visto o certificado final de obra que consta no expediente nº 17.292 as obras foron rematadas en data 16 de xaneiro de 2009 polo que o prazo de prescrición xa trancorreu no momento de iniciarse o expediente sancionador, ao detectarse a infracción unha vez solicitada a licenza de primeira ocupación outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24.11.2014 e comprobado o certificado final de obra existente no expediente nº 17.292 as obras foron rematadas en data 16 de xaneiro de 2009.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar a prescrición da infracción de conformidade co disposto no artigo 159.1 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polo transcurso do prazo de seis anos desde a súa comisión, como se pode comprobar no certificado final de obra obrante no expediente nº 17.292, as obras foron rematadas en data 16 de xaneiro de 2009.

SEGUNDO.- O arquivo do expediente sancionador nº 17/2015 incoado a C.S.I.”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente ao expediente sancionador por infracción urbanística nº 17/2015-S.



Concello de Cangas

DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

6º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE PARA A CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DO POSTO C-22 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

Dase conta de proposta da Alcaldía do día 22.08.2016, referente a aprobación do expediente para a licitación da concesión demanial de uso privativo do posto C-22 do Mercado de Abastos Municipal, que é como segue:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA Á APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A LICITACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DO POSTO C-22 DO MERCADO DE ABASTOS

Vista a Providencia desta Alcaldía de data 4.07.2016 pola que se inicia expediente administrativo para a licitación, en réxime de concorrencia, da concesión demanial de uso privativo do posto C-22 do mercado de abastos municipal.

Visto que polo departamento de Apoio Xurídico se redactaron os oportunos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán esta licitación e que por Secretaría e Intervención se emitiron os oportunos informes.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente administrativo para a licitación da concesión demanial de uso privativo do posto C-22 do mercado de abastos municipal, xunto cos pregos de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas anexos a este acordo.

Segundo.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación mediante procedemento aberto, debendo publicar no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil de Contratante o anuncio de licitación para que no prazo de 15 días hábiles poidan presentar as ofertas que estimen pertinentes.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico e Intervención.



Concello de Cangas

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A LICITACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DO POSTO C-22 DO MERCADO DE ABASTOS

CLÁUSULA 1ª.- Obxecto e cualificación do contrato

CLÁUSULA 2ª.- Réxime xurídico

CLÁUSULA 3ª.- Duración da concesión

CLÁUSULA 4ª.- Prezo de licitación

CLÁUSULA 5ª.- Canon e taxa por utilización das instalacións do mercado

CLÁUSULA 6ª.- Destino dos postos

CLÁUSULA 7ª.- Órgano de contratación

CLÁUSULA 8ª.- Capacidade para contratar

CLÁUSULA 9ª.- Garantías

CLÁUSULA 10ª.- Consulta do expediente e perfil do contratante

CLÁUSULA 11ª.- Procedemento de adxudicación

CLÁUSULA 12ª.- Presentación de proposicións: prazo, lugar e forma de presentación

CLÁUSULA 13ª.- Criterios de adxudicación

CLÁUSULA 14ª.- Mesa de contratación

CLÁUSULA 15ª.- Cualificación da documentación xeral e apertura de ofertas

CLÁUSULA 16ª.- Criterios para resolver eventuais empates

CLÁUSULA 17ª.- Requirimento previo á adxudicación

CLÁUSULA 18ª.- Adxudicación e formalización da concesión

CLÁUSULA 19ª.- Renuncia

CLÁUSULA 20ª.- Execución do contrato

CLÁUSULA 21ª.- Risco e ventura da concesión. responsabilidade do contratista

CLÁUSULA 22ª.- Subcontratación e transmisión da concesión

CLÁUSULA 23ª.- Dereitos e obrigas dos concesionarios

CLÁUSULA 24ª.- Réxime de infraccións e sancións

CLÁUSULA 25ª.- Rescate da concesión

CLÁUSULA 26ª.- Extinción da concesión

CLÁUSULA 27ª.- Reversión do servizo

CLÁUSULA 28ª.- Devolución e cancelación da garantía

CLÁUSULA 29ª.- Prerrogativas da administración, xurisdición competente e recursos

ANEXO I.- Modelo declaración responsable

ANEXO II.- Modelo de proposición económica para os postos de carnicería

ANEXO III.- Modelo de aval



Concello de Cangas

I.- ELEMENTOS DO CONTRATO E DISPOSICIÓNS XERAIS

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO E CUALIFICACIÓN DO CONTRATO

1.1.- O presente prego ten por obxecto regular o procedemento de adxudicación e o contido da concesión demanial para o uso privativo do Posto C-22 do Mercado de Abastos. Este prego, xunto cos documentos que integran o expediente, formará parte do contrato que no seu día se outorgue.

O espazo obxecto da concesión poderá ser examinado polos licitadores previa petición ao conserxe do Mercado Municipal de Abastos.

1.2.- O Mercado de Abastos de Cangas é un ben de dominio público afecto ao servizo público de conformidade co disposto no artigo 4 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais. O uso e explotación dos distintos postos de peixaría, carnicería ou froitería existentes no interior do Mercado Municipal ten a natureza xurídica de uso privativo dun ben de dominio público suxeito a concesión administrativa conforme establece o artigo 78.1.a)-RD 1372/1986, e o artigo 85.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro de Patrimonio das Administracións Públicas.

En relación ao seu outorgamento, segundo o artigo 78.2-RD 1372/1986, do 13 de xuño, "as concesións outorgaranse previa licitación, con arranxo aos artigos seguintes e á normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais".

1.3.- O exercicio dos dereitos concesionais non implica en ningún caso, o outorgamento por parte deste Concello cedente, de dereitos ou facultades dominicais ao adxudicatario; en todo caso os postos do mercado seguirán sendo de titularidade do Concello de Cangas.

1.4.- Necesidades administrativas a satisfacer:

Coa subscripción deste contrato preténdese revitalizar o mercado municipal dando uso a uns bens de dominio público que na actualidade se atopan vacantes, ao tempo que se establece unha actividade económica e se promociona o emprego.

CLÁUSULA 2ª.-RÉXIME XURÍDICO

O artigo 4.1.o) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 4 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, exclúe do seu ámbito de aplicación as autorizacións e concesións sobre bens de dominio público, que se rexerán pola súa lexislación específica salvo nos casos en que expresamente se declaren de aplicación as prescricións desa Lei. Sen embargo, segundo o artigo 78.2-RD 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, "as concesións outorgaranse previa



Concello de Cangas

licitación, con arranxo aos artigos seguintes e á normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais”.

Polo tanto, co fin de garantir os principios de liberdade de acceso ás licitacións, e publicidade e transparencia neste tipo de procedementos, este contrato rexerese na súa preparación e adxudicación polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 4 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo. En canto á execución, efectos e extinción, este contrato rexerese pola súa propia normativa de aplicación.

No non previsto neste prego, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- *Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.*
- *Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local.*
- *Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas*
- *Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Corporacións Locais.*
- *Regulamento do Mercado Municipal de Abastos do Concello de Cangas aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 29.07.2005 (BOP n.º 156, do 16.08.2005).*
- *Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por utilización das instalacións existentes no mercado municipal.*
- *Decreto de 17 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.*
- *Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.*
- *Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a LCSP.*
- *Regulamento do Mercado Municipal de Abastos do Concello de Cangas aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 29.07.2005 (BOP n.º 156, do 16.08.2005).*
- *Ordenanza Fiscal reguladora da taxa por utilización das instalacións existentes no mercado municipal.*

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración que poidan ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista do seu cumprimento.



Concello de Cangas

CLÁUSULA 3ª.- DURACIÓN DA CONCESIÓN

A concesión outórgase polo prazo previsto para o resto de postos do Mercado fixado ata o 17.08.2035. Unha vez cumprido o prazo, o Concello, como titular dominical do solo e do espazo comercial, recuperará a titularidade do mesmo, sen que o concesionario teña dereito a ningunha contraprestación económica ou indemnización por obras, instalacións ou melloras levadas a cabo e incorporadas ao posto.

CLÁUSULA 4ª.-PREZO DE LICITACIÓN

Establécese como prezo mínimo de licitación para o posto o seguinte importe:

- Posto de carnicería n.º 22: 13.808,05 €*

O tipo de licitación é mellorable á alza, sendo rexeitadas aquelas proposicións nas que se ofrezca un prezo inferior ao indicado.

CLÁUSULA 5ª.- CANON DA CONCESIÓN E TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO MERCADO

***5.1.-** O canon que o adxudicatario terá que satisfacer ao Concello pola concesión do posto adxudicado, será o que fixara na súa proposición económica, igual ou superior ao tipo de licitación e será pagadoiro por unha soa vez nos quince días naturais posteriores á comunicación da resolución pola que se acorda a adxudicación do posto.*

***5.2.-** Con independencia do dito canon, os adxudicatarios virán obrigados, a partir da formalización do contrato e durante todo o período da concesión, ao pago da taxa por utilización das instalacións do mercado municipal establecida na correspondente Ordenanza Fiscal municipal. Sen prexuízo das futuras actualizacións ou revisións que se practiquen na ordenanza fiscal correspondente, as contías establecidas na ordenanza vixente (BOP n.º 248, do 30.12.2013), son as seguintes:*

- Carnicerías, chacinerías e ultramarinos: **71,23 €/mes***

CLÁUSULA 6ª.- DESTINO DOS POSTOS

De acordo co disposto nos artigos 26 e 17 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, o concesionario do posto deberá dedicalo aos produtos que correspondan á denominación do posto e que figure na correspondente concesión sen que poida variarse sen autorización previa do Concello.

Segundo a súa denominación, en cada un dos postos poderán expenderse os produtos seguintes: carnicería, chacinería, pesca salgada, pollería e ovos, touciñería, comestibles envasados, lácteos e panadería.



Concello de Cangas

A anterior relación ten carácter enunciativo e non limitativo. No caso de que se pretenda a venda dalgún produto non numerado, resolverá o Concello, previa audiencia da asociación de vendedores se existise, e senón, dos vendedores afectados. Non se permite a comercialización de produtos alimentarios de calquera orixe dos que non se acredite a súa procedencia de establecemento autorizado.

CLÁUSULA 7ª.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Segundo o disposto no apartado 1 da Disposición Adicional 2ª-TRLCSF, corresponde aos Alcaldes e aos Presidentes das Corporacións Locais a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas. O Alcalde do Concello de Cangas delegou esta competencia na Xunta de Goberno Local mediante Decreto da Alcaldía de data 2.07.2015.

O órgano de contratación polo tanto, é a Xunta de Goberno Local por delegación do Alcalde, e ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

CLÁUSULA 8ª.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

Poderán concorrer a esta licitación por si ou por medio de representantes autorizados, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, e cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que ademais non se atopen incursas nunha prohibición de contratar (art. 60-TRLCSF), e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

CLÁUSULA 9ª.- GARANTÍAS

O órgano de contratación requirirá á empresa licitadora que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivese recibido o requirimento, constitúa garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do importe de adxudicación de acordo co artigo 151.2 - TRLCSF. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a entidade licitadora retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse en efectivo ou en valores de débeda pública, mediante aval ou mediante contrato de seguro de caución, de acordo co disposto no artigo 96 - TRLCSF e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP.

En canto ao réxime de constitución, reposición reaxuste de garantías, responsabilidades á que están afectase preferencia na execución das mesmas estarase ao dispostos nos artigos 99, 100 e 101 do TRLCSF.



Concello de Cangas

CLÁUSULA 10ª.- CONSULTA DO EXPEDIENTE E PERFIL DO CONTRATANTE

10.1.- *Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, en cumprimento do disposto no artigo 334-TRLCSF e na Disposición Adicional Terceira da Lei 20/2013, do 9 de decembro, de garantía da unidade de mercado, dende o 1.04.2016 o Concello de Cangas publica todo o relativo aos seus procedementos de contratación (noticias, avisos, documentación, etc) no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es) á que tamén se pode acceder desde a web municipal www.cangas.gal .*

10.2.- *O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o prego de prescricións técnicas (PPT), xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán a disposición dos licitadores na Secretaría Xeral do Concello de Cangas (oficina Apoio Xurídico), de luns a venres en horario de 9:30 a 13:30 horas ata o día en que finalice o prazo de presentación de proposicións. Calquera dúbida acerca dos pregos que rexen esta contratación será dirixida e resolta a través da dirección de correo electrónico apoiouxuridico@cangas.gal.*

II.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

CLÁUSULA 11ª.- PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A adxudicación desta concesión tramitarase mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa cun único criterio de adxudicación, de conformidade co disposto nos artigos 138 e 150 do TRLCSF.

CLÁUSULA 12ª.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

12.1.- PRAZO.- *O prazo para que os licitadores presenten ás súas ofertas será de **15 días hábiles** contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (art. 159.2-TRLCSF). No caso de que se decrete a tramitación urxente do expediente este prazo reducirase a 8 días naturais.*

12.2.- LUGAR.- *As proposicións dos licitadores presentaranse no Rexistro Xeral do Concello sito na Avda. Castelao n.º 2 de Cangas, en horario de luns a venres de 9:30 a 14:00, agás do 1 de xuño ó 30 de setembro que o horario de Rexistro é de 9:30 a 13:30 horas.*

As proposicións presentaranse unicamente no lugar indicado no parágrafo anterior, sen que sexa válida a presentación noutros rexistros ou dependencias municipais ou de outras Administracións Públicas (art. 80.2-RXLCAP).

Tamén poderán remitirse por correo; neste caso, de conformidade co sinalado no artigo 84-RXLCAP, o interesado deberá acreditar, co resgardo correspondente, a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciar



Concello de Cangas

ao órgano de contratación o mesmo día no que se presente, mediante fax ao número 986.304.850 a remisión da súa proposta. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a solicitude. Non obstante, transcorridos dez días naturais desde a indicada data, sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso (art. 80.4-RXLCAP).

De acordo co establecido no artigo 145.3-TRLCSF, cada candidato non poderá presentar máis dunha proposición, sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as ofertas por el subscritas.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

12.3.-FORMA DE PRESENTACIÓN: *Os/as interesados/as na licitación deberán presentar DOUS sobres pechados, nos que se escribirá de forma lexible e visible, no exterior dos mesmos, os seguintes datos:*

En cada un dos sobres, segundo corresponda:

- Sobre A: "Documentación Administrativa"
- Sobre B: "Oferta Económica"

Denominación do contrato:

«OFERTA PARA PARTICIPAR NA LICITACIÓN DA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DO POSTO C-22 DO MERCADO DE ABASTOS DO CONCELLO DE CANGAS».

- *Nome e apelidos do licitador, ou no seu caso, denominación social e nome e apelidos do representante que presenta a oferta.*
- *DNI ou NIF*
- *Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico aos efectos de notificacións.*
- *Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado, deberán facer constar o número de inscrición.*

12.4.- DOCUMENTACIÓN:

SOBRE «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA: *este sobre deberá incluír:*

- Declaración responsable subscrita pola persoa que firme a proposición, de acordo co modelo que consta como Anexo I deste prego. Este modelo pode descargarse en formato .pdf editable na web do Concello de Cangas www.cangas.gal



Concello de Cangas

- *Copia do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso (ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros), da persoa que asine a oferta.*
- *Xustificante do pago da taxa por "proposicións para tomar parte en subastas, concursos, etc" regulada na Ordenanza Fiscal nº 16 aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 27.12.2013 e publicada no BOP nº 248 do día 30.12.2013. A cota tributaria ascende á cantidade de 7,28 € de acordo co cadro de tarifas recollido no artigo 6 (apartado 5.1) da citada ordenanza. Os licitadores poderán solicitar a folla de liquidación desta taxa presencialmente na Tesourería municipal ou mediante correo electrónico dirixido ó enderezo tesoureria@cangas.gal .*

***SOBRE «B»:** »: PROPOSICIÓN ECONÓMICA: neste sobre incluírase:*

- 1.A oferta económica, que deberá presentarse conforme ao modelo que consta no Anexo II deste prego.*
- 2.A documentación relativa aos criterios para resolver eventuais empates recollidos na cláusula 16ª deste prego.*

CLÁUSULA 13ª.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Valorarase a suba do tipo de licitación. Corresponderá a máxima puntuación (100 puntos) ao licitador que ofrezca o canon máis alto distribuíndose a puntuación proporcionalmente ás restantes de forma proporcional mediante unha regra de tres simple directa. Outorgarase 0 puntos ás proposicións que non oferten suba ó tipo base de licitación.

CLÁUSULA 14ª.- MESA DE CONTRATACIÓN

A Mesa de Contratación será o órgano administrativo que cualificará os documentos achegados e procederá en acto público, á apertura de proposicións elevando a acta con proposta de adxudicación ao órgano de contratación que teña que efectuar a adxudicación do contrato.

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 8.02.2016, acordou constituír unha mesa de contratación permanente cuxa composición consta publicada no BOP nº 38 do día 25 de febreiro do 2016, así como no perfil do contratante do órgano de contratación e na Plataforma de Contratación do Estado.

CLÁUSULA 15ª.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE OFERTAS

*A cualificación da documentación achegada no **Sobre A** efectuarase pola Mesa de Contratación en acto non público de acordo coas seguintes formalidades:
O/a Presidente/a ordenará a apertura do sobre e a Secretaria certificará a relación de documentos que se inclúen no mesmo.*



Concello de Cangas

Se a Mesa observase defectos ou omisións emendables comunicaraos interesados por correo electrónico ou fax, sen prexuízo de que estas circunstancias se fagan públicas a través de anuncios no perfil do contratante, concedéndolle un prazo non superior a 3 días hábiles ós licitadores para que corrixan ou emenden os erros ante a propia mesa de contratación. O cómputo do citado prazo iniciarase no momento en que o licitador reciba a comunicación.

Unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións de que adoece, a Mesa declarará expresamente os licitadores admitidos e os rexeitados con indicación das causas de rexeitamento, circunstancia que se notificará ós licitadores rexeitados ós efectos oportunos.

A apertura do Sobre B "Oferta económica": Neste acto, que será público e ao cal poderán acudir os licitadores, avaliaranse as ofertas económicas mediante a aplicación da fórmula establecida na cláusula 13ª deste prego.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variara substancialmente o modelo establecido (Anexo III) ou comportase error manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será rexeitada pola Mesa en resolución motivada.

A Mesa clasificará, por orden decrecente, as proposicións presentadas. Para realizar a dita clasificación, atenderá ao criterio de adxudicación sinalado no prego. A clasificación realizada remitirase ao Órgano de contratación con proposta de adxudicación a favor do contratista que presentara o oferta economicamente máis vantaxosa acompañada das actas das súas reunións e da documentación xerada nas súas actuacións e, no seu caso, dos informes emitidos.

A dita proposta non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte ó Concello (art. 160.2 TRLCSP). O órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente Prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste PCAP.

CLÁUSULA 16ª.- CRITERIOS PARA RESOLVER EVENTUAIS EMPATES

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, este empate resolverase de acordo coa seguinte orde de preferencia:

- En primeiro lugar, será de aplicación o disposto no artigo 142.4 da Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia, segundo o cal*



"as cooperativas terán dereito preferente nos casos de empate nos concursos e subastas en que participen, convocados polas administracións públicas galegas e entes dependentes das mesmas, para a realización de obras, servizos e subministracións.

- *En segundo lugar, a empresa que teña implantado un plan de igualdade ou obtido a Marca Galega de Excelencia en Igualdade, de acordo codispuesto no artigo 67.4 do Decreto legislativo 2/2015 do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, segundo o cal "As empresas que implantasen un plan de igualdade terán preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando as proposicións presentadas igualen nos seus termos as máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación. Para eses efectos, os órganos de contratación advertirán desa preferencia nos pregos de cláusulas administrativas particulares, aínda que a ausencia de advertencia non privará do dereito á preferencia na adxudicación, sen prexuízo das responsabilidades en que se puidese incorrer. Se a empresa fixese uso desta preferencia, estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación, que, de o contrato resultar de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal", e no artigo 75.c do mesmo texto legal, que literalmente dispón que "A obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade permitirá beneficiarse, sen prexuízo doutras axudas públicas establecidas regulamentariamente, dos seguintes dereitos e facultades no ano natural seguinte á súa obtención: c) A preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando as proposicións presentadas igualen nos seus termos as máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación".*
- *En terceiro lugar, a empresa que acredite contar no seu cadro de persoal cunha porcentaxe superior ao 2% de traballadores con discapacidade. A porcentaxe de traballadores fixos discapacitados deberá manterse durante o tempo que dure a execución do contrato, ou se é o caso, durante o prazo de garantía, se a execución non se realizase en tracto sucesivo. O incumprimento de tal condición será causa de resolución do contrato. Se varias empresas licitadoras das que houberan empatado en canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2%, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade entre o seu persoal (Apartado 2 da Disposición Adicional Cuarta do TRLCSP).*



Concello de Cangas

- *En cuarto lugar, terán preferencia as proposicións presentadas polas empresas de inserción reguladas na Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, que cumpran cos requisitos establecidos na dita normativa para ter esta consideración (Apartado 3 da Disposición Adicional Cuarta do TRLCSP).*
- *Por último, en caso de que aplicando os criterios anteriores se manteña o empate, convocarase aos licitadores para realizar un sorteo ao azar.*

CLÁUSULA 17ª- REQUIRIMENTO PREVIO Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Recibida a proposta de adxudicación realizada pola Mesa de Contratación, o órgano de contratación terá alternativamente a facultade de adxudicar o contrato á proposición economicamente máis vantaxosa mediante a aplicación dos criterios establecidos no presente prego, ou declarar deserta a licitación motivando en todo caso a súa resolución cando ningunha oferta sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

En todo caso, o órgano de contratación requirirá ao licitador coa oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, contados desde o seguinte a aquel en que tivera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

17.1.- DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS PREVIOS:

De conformidade co disposto no artigo 146-TRLCSP (modificado pola Lei 14/2013, do 27 de setembro de apoio ao emprendedor) deberá presentar:

17.1.A).- Documentación acreditativa da capacidade de obrar:

- *Empresario individual: copia do DNI, Pasaporte, autorización de residencia e traballo no seu caso, ou calquera outro documento equivalente para estranxeiros.*
- *Persoas xurídicas:*
 - *Copia do NIF*
 - *Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. De non ser esixible, achegarase escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.*

17.2.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A ADXUDICACIÓN:

De conformidade co disposto no artigo 151.2-TRLCSP deberá presentar:

- *Xustificante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (estatais, autonómica e local) e coa Seguridade Social.*



Concello de Cangas

- *Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación por calquera dos medios a que se refire o artigo 96-TRLCSP.*
- *Xustificante do pagamento do importe do anuncio de licitación.*

Os correspondentes certificados poderán ser expedidos por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no presente prego. A adxudicación deberá ser motivada, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. En todo caso, na notificación e no perfil do contratante indicarse o prazo no que debe formalizarse o contrato conforme ao artigo 153-TRLCSP.

CLÁUSULA 18ª.- ADXUDICACIÓN E FORMALIZACIÓN

18.1.- ADXUDICACIÓN:

Recibida a documentación requirida, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación (art. 151.3-TRLCSP). A adxudicación acordarase en resolución motivada que deberá notificarse aos licitadores e simultaneamente publicarase no Perfil de Contratante do órgano de contratación indicando o prazo en que debe procederse á súa formalización conforme ó artigo 156.3 (art. 151.4-TRLCSP).

A notificación deberá conter en todo caso a información necesaria que permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpoñer recurso suficientemente fundado contra o acordo de adxudicación. En particular expresará os seguintes extremos:

- *En relación aos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimara a súa candidatura.*
- *Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén en forma resumida, as razóns polas que non se admitiu a súa oferta.*
- *En todo caso o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición que foran determinantes para resultar seleccionada por diante das demais.*

A notificación farase por calquera medio que permita deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores tiveran indicado na súa proposición.



Concello de Cangas

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren neste prego.

18.2.- FORMALIZACIÓN:

O contrato deberá formalizarse en documento administrativo que se axuste con exactitude ás condicións da licitación, constituíndo o dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos. En ningún caso poderanse incluír no documento en que se formalice o contrato, cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato deberá efectuarse dentro dos 15 días hábiles seguintes a aquel en que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos na forma prevista no art. 151.4-TRLCSP.

Cando por causas imputables ao contratista non se formalizase o contrato dentro do prazo indicado a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, sendo trámite preciso a audiencia do interesado e cando se formule oposición polo contratista, o informe do Consello Consultivo de Galicia. En tal suposto procederá a incautación da garantía e a indemnización dos danos e perdas ocasionados.

CLÁUSULA 19ª.- RENUNCIA

A presentación da oferta vincula ao licitador coa Administración de tal xeito que a renuncia á adxudicación da concesión, realizada en calquera fase de tramitación do expediente faculta ao órgano de contratación a que proceda á incautación da garantía, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e prexuízos causados á Administración contratante e demais consecuencias previstas no TRLCSP.

Tendo en conta que neste procedemento os licitadores non están obrigados a constituír garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de apremio, así como para a indemnización de danos e prexuízos.

A renuncia do licitador incurso en ofertas con valores anormais ou desproporcionados, ben de forma expresa ou non xustificando a baixa dentro do prazo concedido pola Administración, terá as mesmas consecuencias e efectos indicados nos parágrafos anteriores.

Non obstante, no caso de que a Administración non acordara a adxudicación no prazo de dous meses a contar dende a apertura de proposicións, o contratista terá dereito a retirar a súa proposición de conformidade con artigo 161.4-TRLCSP.



Concello de Cangas

III.- EXECUCIÓN DA CONCESIÓN

CLÁUSULA 20ª.- EXECUCIÓN

O adxudicatario está obrigado a organizar e prestar o servizo con estrita suxeición ás características establecidas no contrato e o disposto no Regulamento do Mercado Municipal de Abastos. O Concello conservará os poderes de policía necesarios para asegurar a boa marcha dos servizos, e así mesmo correspóndelle a potestade de dirección e control do servizo que se preste nas instalacións obxecto da concesión. Esta potestade comporta a posible modificación e a inclusión implícita da cláusula de actualización do servizo, de acordo cos estándares económicos e sociais de cada momento.

CLÁUSULA 21ª.- RISCO E VENTURA DA CONCESIÓN. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO

A concesión outórgase a risco e ventura do adxudicatario, e este non terá dereito a indemnizacións por causas de perdas, avarías, danos ou prexuízos ocasionados nas súas pertenzas; e tampouco poderá esixir do Concello por ningunha circunstancia, que este asuma total nin parcialmente o eventual déficit nos resultados da actividade.

O concesionario responde dos danos e prexuízos que cause a terceiros, como consecuencia dos produtos que expida así como polos ocasionados ao ben obxecto da concesión. Formalizada a concesión, o adxudicatario virá obrigado a subscribir unha póliza de seguro que cubra os riscos anteriores, no prazo de un mes. O seguro deberá estar vixente durante o tempo da concesión. De non subscribir este seguro ou de non telo vixente dará lugar á extinción da concesión.

CLÁUSULA 22ª.- SUBCONTRATACIÓN E TRANSMISIÓN DA CONCESIÓN

22.1.- SUBCONTRATACIÓN:

Dada a natureza e condicións do contrato, o exercicio da concesión realizarase de xeito total e directo polo seu titular prohibíndose de forma expresa calquera forma de subcontratación. Non obstante permítese a actuación de colaboradores do titular de acordo co disposto no artigo 36 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos e a demais lexislación vixente na materia.

22.2.- TRANSMISIÓN DA CONCESIÓN:

Dado o carácter dos bens sobre os que se exerce a actividade, en canto son destinados a un servizo público e de titularidade demanial, co fin de evitar calquera especulación sobre estes, a transmisión da concesión dos postos limitarase aos supostos recollidos no artigo 31 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos e na forma alí establecida.



Concello de Cangas

CLÁUSULA 23ª.- DEREITOS E OBRIGAS DO CONCESIONARIO

Estarase ao disposto nos artigos 35, 36, 37 e 38 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos.

CLÁUSULA 24ª.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

Sen prexuízo das infraccións que recollan as normas sectoriais en materia hixiénico-sanitaria e do comercio minorista de alimentación, os titulares dos postos serán responsables por sí mesmos e polos seus colaboradores das faltas que cometan, e cuxo réxime sancionador atópase recollido nos artigos 57, 58, 59 e 60 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos.

IV.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN

CLÁUSULA 25ª.- RESCATE DA CONCESIÓN

O Concello resérvase o dereito de deixar sen efecto a concesión antes do vencemento se así o xustifican circunstancias sobrevidas de intereses público, mediante indemnización ao concesionario polos danos que se lle causara, ou sen ela, cando no procedera.

CLÁUSULA 26ª.- EXTINCIÓN DA CONCESIÓN

Son causas de extinción da concesión as seguintes:

- Incurrir o concesionario durante o tempo da concesión nalgunha das prohibicións para contratar coa Administración Pública recollidas no TRLCSP.*
- Falecemento ou declaración de ausencia do titular do posto, sen prexuízo da posible transmisión regulada no artigo 31 do Regulamento do Mercado.*
- Imposibilidade de exercicio directo ou persoal da concesión, sen que se opte pola contratación de persoal dependente, sen prexuízo da transmisión regulada no artigo 31 do Regulamento do Mercado.*
- Cesión ou traspaso non autorizado do local, presumíndose que se da este suposto sempre que se atope á fronte de aquel, persoa distinta ó titular ou persoa autorizada polo Concello.*
- Disolución da sociedade titular.*
- Perda das condicións que foron esixidas para optar a adxudicación.*
- Non ocuparse ou permanecer pechado o posto durante máis de 90 días, nun mesmo período anual, salvo que exista autorización municipal para elo ou concorra causa xustificada.*
- Ter sido sancionado mediante resolución firme por infracción moi grave de disciplina no mercado.*
- Grave incumprimento das obrigas sanitarias ou das orde recibidas en materia de limpeza e hixiene dos postos.*
- Falta de pagamento durante 3 mensualidades consecutivas ou seis alternas das taxas que se xirasen no prazo dun ano.*



Concello de Cangas

- *Falta de pagamento de 3 mensualidades consecutivas ou 6 alternas no prazo dun ano, do canon establecido, no caso de que lle fora autorizado o pago fraccionado do mesmo.*
- *Vencemento do prazo da concesión.*
- *Mutuo acordo das partes.*
- *Perda física do ben sobre o que se outorga a concesión.*
- *Desafectación do mesmo.*
- *Non contratar o seguro de responsabilidade civil esixido na cláusula 23ª deste prego.*

CLÁUSULA 27ª.- REVERSIÓN DO SERVIZO

Os postos obxecto desta concesión revertirá ao Concello cando finalice a mesma, debendo o concesionario entregar a instalación con arranxo ao disposto no presente prego e demais normativa de aplicación, no estado de conservación e funcionamento axeitados.

Dentro dos 3 meses anteriores ao vencemento do contrato, verificarase unha inspección dos bens municipais polos servizos técnicos deste Concello, e se fora necesario realizar calquera tipo de obra ou reparación na instalación, ou rescisión de material funxible, para recuperar o estado de conservación axeitado ao momento da reversión, concederase ao concesionario un prazo de 15 días para realización de tales actuacións. No caso de incumprimento executarase polo Concello con cargo á garantía, reclamándolle ao concesionario o exceso si o houbera, pola vía pertinente.

CLÁUSULA 28ª.- DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA

Finalizado o contrato, si non resultasen responsabilidades que houberan de exercitarse sobre a garantía, ditarase acordo de devolución daquela ou cancelación do aval.

CLÁUSULA 29ª.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

Corresponde á Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos establecidos no TRLCSP.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos deste contrato administrativo serán resoltas polo órgano de contratación competente, cuxos acordos poñen fin á vía administrativa e contra os mesmos poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo de un mes ante o mesmo órgano ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o seguinte ao da súa notificación ou publicación.



Concello de Cangas

*ANEXO I
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE*

*ANEXO II
MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA*

D....., co D.N.I. nº:.....; actuando en nome propio / en representación da entidade..... con CIF N.º..... con enderezo a efectos de notificacións en

EXPÓN

Que tendo coñecemento do procedemento tramitado polo Concello de Cangas para a CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DO POSTO VACANTE C-22 DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS, fai constar expresamente que:

- 1. Acepta tomar parte na indicada licitación de acordo coas condicións previstas polo Concello de Cangas.*
- 2. Coñece e acepta de forma plena e sen condición algunha o prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación xunto co prego de prescrición técnicas, aceptando integramente os termos, cláusulas e obrigas contidos nos documentos indicados, sen excepción.*
- 3. Realiza a seguinte oferta económica:*

	<i>CANON OFERTADO</i>
<i>Posto C-22</i>	

Cangas, de de 2016

*Asdo.: _____
(sinatura e selo da empresa no seu caso)*

*ANEXO III
MODELO DE AVAL*

A entidade (razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca), NIF, con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (nome e apelidos dos apoderados), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento,

AVALA



Concello de Cangas

A (nome e apelidos ou razón social do avalado), NIF, en virtude do disposto por: (norma/s e artigo/s que impoñe/n a constitución desta garantía) para responder das obrigas seguintes: (detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido), ante o Concello de Cangas, por importe de: (en letra e en cifra).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no [artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas](#). Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e con compromiso de pago ó primeiro requirimento do Concello de Cangas, con suxeición aos termos previstos na lexislación de contratos das Administracións Públicas e nas súas normas de desenvolvemento.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Cangas ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para autorizar a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado mediante real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro).

(Lugar e data)

(razón social da entidade)

(sinatura dos apoderados)

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS QUE REXERÁN A LICITACIÓN, DA CONCESIÓN DEMANIAL DE USO PRIVATIVO DO POSTO C-22 DO MERCADO DE ABASTOS

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

CLÁUSULA 2ª.- DURACIÓN DA CONCESIÓN

CLÁUSULA 3ª.- TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO MERCADO

CLÁUSULA 4ª.- DESTINO DO POSTO

CLÁUSULA 5ª.- CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS

CLÁUSULA 6ª.- GASTOS DE SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA E AUGA

CLÁUSULA 7ª.- SEGUROS

CLÁUSULA 8ª.- RÉXIME DE ACTUACIÓN

CLÁUSULA 1ª.- OBXECTO

O presente prego ten por obxecto regular o procedemento de adxudicación e o contido da concesión demanial para o uso privativo de un posto vacante no Mercado de Abastos que de seguido se relaciona. Este prego, xunto cos



Concello de Cangas

documentos que preceptivamente o integran, formará parte do contrato que no seu día se outorgue.

Posto que se licita:

- *Posto de carnicería: número 22.*

O espazo obxecto da concesión poderá ser examinado polos licitadores previa petición ao conserxe do Mercado Municipal de Abastos.

Incorpórase como Anexo I deste prego un plano de situación onde se recolle a ubicación do posto.

CLÁUSULA 2ª.- DURACIÓN DA CONCESIÓN

A concesión outórgase polo prazo previsto para o resto de postos do Mercado fixado ata o 17.08.2035. Unha vez cumprido o prazo, o Concello, como titular dominical do solo e do espazo comercial, recuperará a titularidade do mesmo, sen que o concesionario teña dereito a ningunha contraprestación económica ou indemnización por obras, instalacións ou melloras levadas a cabo e incorporadas ao posto.

CLÁUSULA 3ª.- TAXA POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO MERCADO

Con independencia do dito canon, os adxudicatarios virán obrigados, a partir da formalización do contrato e durante todo o período da concesión, ao pago da taxa por utilización das instalacións do mercado municipal establecida na correspondente Ordenanza Fiscal municipal.

Sen prexuízo das futuras actualizacións ou revisións que se practiquen na ordenanza fiscal correspondente, as contías establecidas na ordenanza vixente (BOP n.º 248, do 30.12.2013), son as seguintes:

- *Carnicerías, chacinerías e ultramarinos: postos 1 a 24.....**71,23**
€/mes*

CLÁUSULA 4ª.- DESTINO DO POSTO

De acordo co disposto nos artigos 26 e 17 do Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, o concesionario de cada posto deberá dedicalo aos produtos que correspondan á denominación do posto e que figure na correspondente concesión sen que poida variarse sen autorización previa do Concello.

Segundo a súa denominación, en cada un dos postos poderán expenderse os produtos seguintes: carnicería, chacinería, pesca salgada, pollería e ovos, touciñería, comestibles envasados, lácteos e panadería. Os postos de peixe deberán destinarse a peixaría.

A anterior relación ten carácter enunciativo e non limitativo. No caso de que se pretenda a venda dalgún produto non numerado, resolverá o Concello, previa audiencia da asociación de vendedores se existise, e senón, dos vendedores afectados. Non se permite a comercialización de produtos alimentarios de



Concello de Cangas

calquera orixe dos que non se acredite a súa procedencia de establecemento autorizado.

CLÁUSULA 5ª.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE CARNICERÍA

- **POSTO DE CARNICERÍA NÚMERO 22**
 - Superficie de 11,47 m²
 - Equipamento: un mostrador frigorífico, un expositor frigorífico e un quentador de auga eléctrico.

CLÁUSULA 6ª.- GASTOS DE SUBMINISTRACIÓN

- *Enerxía eléctrica: cada posto de carnicería dispón dun contador con liña individual propia, polo que deberá tramitar a correspondente alta na empresa subministradora e abonar os recibos correspondentes.*
 - *Para o caso de que a empresa subministradora obrigue ao concesionario a calquera tipo de reforma ou actualización na instalación eléctrica por considerala obsoleta, tales gastos correrán por conta do concesionario.*
- *Auga: exento*

CLÁUSULA 7ª.- SEGUROS

Formalizada a concesión, o adxudicatario virá obrigado a subscribir unha póliza de seguro que cubra os riscos anteriores, no prazo de un mes. O seguro deberá estar vixente durante o tempo da concesión. De non subscribir este seguro ou de non telo vixente dará lugar á extinción da concesión.

CLÁUSULA 8ª.- RÉXIME DE ACTUACIÓN

En todo caso os adxudicatarios de cada un dos postos estarán sometidos ao disposto no Regulamento do Mercado Municipal de Abastos do Concello de Cangas aprobado polo Pleno do Concello en sesión de data 29.07.2005 (BOP n.º 156, do 16.08.2005)'.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 02.07.2015, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a aprobación do expediente para a licitación da concesión demanial de uso privativo do posto C-22 do Mercado de Abastos Municipal.

CULTURA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CANGAS E ASOCIACIÓNS CULTURAI



Concello de Cangas

7.A) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL "CANJAZZ" E O CONCELLO DE CANGAS

Dáse conta de sinatura o día 29 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "CANJAZZ" e o Concello de Cangas, para favorecer a divulgación e fomento das actividades musicais entre a cidadanía do Concello de Cangas e desenvolver o "XIX FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ EN CANGAS".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 29 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "CANJAZZ" e o Concello de Cangas, para favorecer a divulgación e fomento das actividades musicais entre a cidadanía do Concello de Cangas e desenvolver o "XIX FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ EN CANGAS".

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Intervención e concellería de Cultura.

7.B) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL "O GATO" E O CONCELLO DE CANGAS

Dase conta de sinatura o día 29 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "O GATO" e o Concello de Cangas, para favorecer a divulgación e fomento das actividades musicais entre a cidadanía do Concello de Cangas e desenvolver a "XVII FESTA FOLC DE VILARIÑO".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 29 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "O GATO" e o Concello de Cangas, para favorecer a divulgación e fomento das actividades musicais entre a cidadanía do Concello de Cangas Cangas e desenvolver a "XVII FESTA FOLC DE VILARIÑO".

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Intervención e concellería de Cultura.

7.C) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL "XIRIA" E O CONCELLO DE CANGAS



Concello de Cangas

Dase conta de sinatura o día 29 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "XIRIA" e o Concello de Cangas, para favorecer a divulgación e fomento das actividades filmatográficas entre a cidadanía do Concello de Cangas e desenvolver durante o exercicio 2016 un amplo e variado programa de actividades cinematográficas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 29 de xullo de 2016 de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "XIRIA" e o Concello de Cangas, para favorecer a divulgación e fomento das actividades filmatográficas entre a cidadanía do Concello de Cangas e desenvolver durante o exercicio 2016 un amplo e variado programa de actividades cinematográficas.

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Intervención e concellería de Cultura.

7.D) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN CULTURAL "MORRAZICA" E O CONCELLO DE CANGAS

Dase conta de sinatura o día 16 de agosto de 2016 de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "MORRAZICA" e o Concello de Cangas, para favorecer a divulgación e fomento das actividades musicais entre a cidadanía do Concello de Cangas e desenvolver o "VII KANEKAS METAL FEST".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 2.7.15, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sinatura o día 16 de agosto de 2016 de convenio de colaboración entre a Asociación Cultural "MORRAZICA" e o Concello de Cangas, para favorecer a divulgación e fomento das actividades musicais entre a cidadanía do Concello de Cangas e desenvolver o "VII KANEKAS METAL FEST".

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do acordo de referencia ao departamento de Intervención e concellería de Cultura.

ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.



Concello de Cangas

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace
o presidente